

**GUÍA DIDÁCTICA PARA TRABAJAR  
PROCESOS MIGRATORIOS E  
IDENTIDADES MÚLTIPLES NAS AULAS**



**UN MUNDO EN MOVIMIENTO**

**CUESTIÓN DE  
DEREITOS**



SECRETARÍA DE ESTADO DE  
MIGRACIONES  
DIRECCIÓN GENERAL DE PROGRAMAS  
DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL  
Y ATENCIÓN HUMANITARIA



Cofinanciado por la UE

## **Médicos do Mundo, 2022**

### **Idea, redacción e coordinación de contidos:**

Momadou Diagne Lo, Metges del Món Seu central (Madrid) amb la participació de l'equip tècnic de les següents seus autonòmiques: Beatriz Rodríguez (Andalusia), Rubén Pérez-Langa (Astúries), Ana Tobarra (Catalunya), Elías Amín (Aragó), Iriome Rodríguez (Gran Canària), Blanca Fraile (Navarra), Cristina Hernández (Tenerife), Cintia Martín i Cristina Cámara (Castella-la Manxa), Ana Hernández (Castella i Lleó), Sol Martínez (Madrid), Verónica García (Galícia), Mamadou Moustapha Ngom (Euskadi), Laura Sánchez (Extremadura).

### **A elaboración da guía foi posible grazas á colaboración de referentes migradas e/ou racializadas:**

Yeison García, Safi Al Aaddam, Xirou Xiao, Thimbo Samb.

**Portada, debuxos e contido:** Ana Cebrían

**Deseño e maquetaxe:** Gil Gijón

Esta guía foi realizada por Médicos del Mundo no marco do proxecto «Un mundo en movemento, cuestión de dereitos», financiado pola Unión Europea e o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

O contido da devandita publicación é responsabilidade exclusiva de Médicos del Mundo.

Grazas por respectar os dereitos reservados desta guía e difundila, única e exclusivamente, baixo a licenza de Creative Commons BY-NC-ND 4.0

**@2022, Médicos do Mundo**

**UN MUNDO EN MOVIMIENTO**


**CUESTIÓN**

**DE DERECHOS**

CON

TI

DO



05

---

Presentación  
Como usar a guía?

06

---

Saúde e migracións  
Determinantes sociais da saúde  
A historia da humanidade: un mundo en movemento

07

---

Que entendemos por unha educación transformadora?

09

---

Actividades didácticas  
Proceso migratorio

20

---

Identidades múltiples na aula

31

---

Conclusión: Por unhas aulas diversas e libres de discriminacións

32


---

Glosario

35

---

Bibliografía



# INTRO DUCCION

## Presentación

Esta guía foi elaborada de forma participativa polo **equipo técnico de Médicos del Mundo**, presente en doce comunidades autónomas e dezaseis provincias, onde desenvolvemos o proxecto. O contido que tedes nas vosas mans é o resultado das necesidades diagnosticadas polo equipo técnico de Médicos del Mundo e o profesorado dos centros onde intervimos canda o alumnado.

Así mesmo, recolle o longo percorrido que ten o **proxecto «Un mundo en movemento, cuestión de dereitos»** na sensibilización no eido educativo formal e non-formal sobre procesos migratorios e dereito á saúde.

Co paso dos anos, o proxecto foise adaptan-

do ás novas realidades presentes no territorio español.

Ademais, pretende fomentar unha cidadanía crítica perante a vulneración dos dereitos humanos das persoas migrantes, especialmente do dereito á saúde.

O obxectivo da guía é facilitar ao profesorado e ao equipo técnico unhas ferramentas didácticas para abordar o tema das **migracións e as diversidades** nas aulas para fomentar unha convivencia pacífica sen discriminacións e unha **aprendizaxe mutua** das potencialidades de cada ser, con independencia da súa orixe étnico-social, relixión ou identidade de xénero.

## Como usar a guía?

A guía conta con dous bloques. No primeiro está a parte introdutoria sobre os determinantes sociais da saúde e a estratexia de Educación para a Transformación Social que abordamos nas nosas intervencións.

No segundo bloque hai catro actividades didácticas deseñadas por **Ana Cebrián**, ilustradora e profesora de educación artística.

As actividades están dirixidas aos e ás profesionais da educación e ao equipo técnico de Médicos del Mundo. Nas actividades diferenciamos dous bloques temáticos: o proceso

migratorio nas actividades **MIGRAR e SER E SUMAR**, e as identidades múltiples nas actividades **PERTENCER e CONECTAR**.

Cada actividade conta con 4 páxinas nas que se poden atopar as instrucións e unhas etiquetas con conceptos chaves sobre os que se pode obter máis información no glosario da guía. O equipo docente é libre de adaptar os contidos das actividades aos seus respectivos contextos con creatividade e inspiración.

## Saúde e migracións

**Médicos del Mundo** é unha asociación internacional, independente e de voluntariado, que traballa, a través da atención sociosanitaria, o testemuño e a acción política e social, para que o **dereito á**

**saúde** sexa efectivo para todas as persoas, especialmente para aquelas que viven en situación de pobreza, inequidade de xénero e exclusión social ou son vítimas de crises humanitarias.

## Determinantes sociais da saúde

A Organización Mundial da Saúde define os determinantes sociais da saúde (DSS) como «**as circunstancias nas que as persoas nacen, medran, traballan, viven e envellecen, incluído o conxunto máis amplo de forzas e sistemas que inflúen sobre as condicións da vida cotiá**». O goce pleno da saúde dependerá de factores socioeconómicos e de normas políticas e sociais. As condicións

de acceso á saúde poden ser altamente diferentes para varios subgrupos dunha poboación e poden dar lugar a diferenzas nos resultados en materia de saúde. Categorías sociais como a raza, o xénero ou a clase social, entre outras, determinan o acceso á saúde das poboacións que non gozan de certos privilexios socioeconómicos.

## A historia da humanidade: un mundo en movemento

A migración e o exilio ocuparon moitos capítulos ao longo da historia da humanidade. Hoxe en día, a globalización aplica a estes dous conceptos novos matices que cómpre coñecer para sermos conscientes de como é o mundo no que vivimos. Principalmente, os movementos migratorios

actuais xiran arredor dunha asimetría sostida por unha **repartición desequilibrada da poboación, unha inxusta distribución da riqueza e unha desigual atribución de dereitos**, que implican distintos tipos de vidas nun mundo globalizado. Estes factores contribúen ao



desprazamento de persoas procedentes de países empobrecidos na busca dunha vida mellor ou fuxindo de conflitos. Actualmente, o estatuto legal ou lugar de nacemento (países do Norte global) conceden o privilexio da libre circulación, sen arriscar as vidas no proceso migratorio. En cambio, moitas persoas procedentes de países empobrecidos (Sur global) afron-

tan a imposibilidade de migrar por mor das fronteiras físicas ou administrativas. Con todo, cómpre ter en conta que as migracións non son provocadas unicamente por motivos de desigualdade económica, senón tamén por **conflitos armados e a persecución política ou doutro tipo** (Políticas de migracións de Médicos del Mundo, p. 5).

## Que entendemos por unha educación transformadora?

A Educación para a Transformación Social (EpTS) pretende educar para unha cidadanía global, xerando un proceso de **concienciación crítica**, co fin de construír unha sociedade comprometida co cambio social, cara a **unha sociedade máis xusta, equitativa e solidaria**. A través da EpTS queremos construír un modelo de cidadanía activa na súa contorna local e, á vez, involucrada coa sociedade global; unha cidadanía comprometida coa loita contra a exclusión, a desigualdade e a inxustiza en todas as súas expresións: racismo, xenofobia, LGTBIQ+ fobia etc.

Para logralo, precisamos incorporar de forma transversal enfoques integrados de dereitos humanos, xénero e interseccionalidade.

Para atinxir o cambio social, é imprescindible que, desde a nenez, fomentemos o pensamento crítico para **desmontar prexuizos**, rumores, estereotipos que

afloran na nosa contorna local, física e virtual. Son necesarios relatos contra-hexemónicos que poñan en diálogo saberes e actores y actrices diversas. Neste sentido, a educación debe ser unha ferramenta de cambios, convertendo suxeitos colectivos, individuais e comunitarios en protagonistas das transformacións sociais que se pretenden acadar.

Para a conformación dos devanditos suxeitos cómpre lograr unha toma de conciencia crítica sobre o papel de cada persoa e colectivo na situación de desigualdade e os efectos que implica ese papel (H. Abian, 2021). É importante que todas e todos sexamos conscientes dos nosos dereitos e das nosas capacidades para influír na nosa contorna con accións concretas para **«combaten todas as enfermidades, incluída a inxustiza»**, como indica o lema de Médicos del Mundo.



**ACTIVIDADES  
DIDÁCTICAS**

## Proceso migratorio

A migración é un proceso que supón o desprazamento de poboacións dun punto determinado cara outros. Todos os pobos migraron e van seguir migrando debido a varios factores: **persoais, económicos, políticos etc.**

Nos últimos anos da crise, moitos mozos e mozas españois con formación universitaria tiveron que migrar cara outros países máis desenvolvidos para buscar unha vida mellor.

A respecto da inmigración, nas últimas décadas, España viu un aumento da presenza das persoas inmigrantes, procedentes maioritariamente de países máis próximos (Unión europea, Norte de África), cun vínculo histórico marcado pola colonización de Abya Yala (América Latina) e doutras rexións por diferentes razóns (económicas, políticas etc.).

Porén, cando se trata do racismo e a xenofobia, **as vítimas adoitan ser maioritariamente persoas non-europeas, non-brancas** (Consello para a Eliminación da Discriminación Racial ou Étnica, 2020).

A migración é un proceso moi longo e complexo que implica varias etapas: a preparación da viaxe, a viaxe, a chegada e a instalación.

O proceso migratorio involucra directamente persoas que emprenderon a viaxe, mais tamén persoas vinculadas de maneira directa ou indirecta (descendente de persoas migrantes). É un proceso multidireccional e multinivel que transforma as sociedades de destino en realidades moi diversas, mais que tamén as obriga a afrontar situacións de discriminacións múltiples.

O proceso migratorio supón un dó, un proceso de asimilación e confrontación das perdas asociadas ao proxecto migratorio: linguas, familiares e amizades, referencias culturais, status social etc. (Guía de Aragón, p. 26).

As aulas deben responder a esta realidade diversa, fomentando espazos de diálogos interculturais, de convivencia pacífica, de respecto e recoñecemento, aproveitando o enriquecemento mutuo do proceso migratorio.

Nas seguintes páxinas propóñense as actividades didácticas MIGRAR e SER E SUMAR para traballar o proceso migratorio nas aulas.

# MIGRAR

## ACTIVIDADE 1: CREACIÓN DUN CREBACABEZAS-POEMARIO

PREGUNTAR POR QUE MIGRAMOS É COMO PREGUNTAR COMO SE CREARON TODOS E CADA UN DOS POBOS DA TERRA. MOITAS SON AS RAZÓNS QUE IMPULSAN AS PERSOAS A MIGRAR. ÁS VECES A GUERRA, A VIOLENCIA, A POBREZA; ÁS VECES A ESPERANZA, O ANHELO DUN FUTURO MELLOR OU O REENCONTRO COS SERES QUERIDOS. NUNCA É UNHA DECISIÓN DOADA DEIXAR O QUE SE COÑECE ATRÁS. ATRAVESAR DESERTOS, CEOS E MARES, VIVIR DA INCERTEZA OU CO MEDO AO DESAMPARO, O ODIO, A VOLVER E A NON VOLVER. PERANTE ESTA SITUACIÓN, A IGNORANCIA E AS «FAKE NEWS» FANO MÁIS DIFÍCIL.

### PROCESO MIGRATORIO

# DÓ MIGRATORIO  
# SUR GLOBAL  
# NORTE GLOBAL  
# ANTIRRACISMO  
# FAKE NEWS  
# PROCESO MIGRATORIO



#### OBXECTIVOS:

- PROFUNDAR NAS RAZÓNS POLAS QUE A XENTE MIGRA.
- RECOÑECERNOS COMO PAÍS QUE MIGRA E NON SÓ ACOLLE.
- TOMAR CONCIENCIA DA PERIGOSIDADE DUN DISCURSO MEDIÁTICO BASEADO NO ODIO.
- EXPLORAR O NOSO DISCURSO POÉTICO DESDE A TOMA DE CONCIENCIA DA LINGUAXE COMO INSTRUMENTO DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL.

## ACCIÓNS:

TOTAL: 45 MIN

**PASO 1:** LECTURA DE «DERECHO DE ADMISIÓN» DE YEISON GARCÍA LÓPEZ

- ☐ LEMOS O POEMA, RESCATAMOS AS PALABRAS QUE MÁIS NOS CONMOVEN, IMPACTAN, PROVOCAN E AS GARDAMOS PARA O SEGUINTE PASO.

15 MIN ↑

①

# MIGRAR

## ACTIVIDADE 1: CREACIÓN DUN CREBACABEZAS-POEMARIO

LECTURA COMENTADA

PROPOMOS A DALGÚN DOS POEMAS DE YEISON GARCÍA LÓPEZ, EN «DERECHO DE ADMISIÓN» (2021) OU «VOCES DEL IMPULSO» (2017).



20 min

**PASO 2:**

USANDO FOTOCOPIAS DE DIFERENTES NOVAS SOBRE MIGRACIÓN INICIAMOS UN DEBATE SOBRE ESTEREOTIPOS E CONCEPCIÓNS ERRÓNEAS.

☐ SOBRE O TEXTO ORIXINAL RISCAMOS ALGUNHAS PALABRAS PARA MODIFICAR O TEXTO DA NOVA (OU FAKE) E SUBSTITUÍMOS AS PALABRAS QUE FALTAN POR OUTRAS NOVAS.

➔  
②

# MIGRAR

## ACTIVIDADE 1: CREACIÓN DUN CREBACABEZAS-POEMARIO

FACEMOS CREBACABEZAS: PODEMOS INCLUIR NOS OCOS AS PALABRAS DO POEMA DE YEISON OU OUTRAS QUE INVENTEMOS.

CHEGADA MASIVA DE INMIGRANTES A CEUTA.  
O EXÉRCITO ESTÁ DESPREGADO NA PRAIA, ONDE VARIOS TANQUES E NUMEROSO PERSOAL MILITAR TRATA DE CONTER A CHEGADA DE CENTOS DE PERSOAS QUE SE AMOREAN DO LADO...

CHEGADA ANHELADA DE OLLADA COMPAÑEIRA A CEUTA.  
O DEBUXO DA VIDA ESTÁ DESPREGADO NA PRAIA, ONDE VARIOS MUNDOS E NUMEROSAS PERSOAS TRATAN DE COIDAR A CHEGADA DE CENTOS DE PERSOAS QUE SE ABRAZAN...

ESTA ACTIVIDADE PODE ORGANIZARSE EN PEQUENOS GRUPOS DE 4 / 5 PERSOAS.

BUSCAMOS UN TÍTULO PARA O NOSO POEMA E, RECORTANDO AS PALABRAS QUE NOS SERVEN DA NOTICIA, XUNTO COAS NOVAS QUE INCORPORAMOS, CREAMOS A COMPOSICIÓN FINAL. QUE QUEREMOS CONTAR? QUE ESTEREOTIPOS QUEREMOS CUESTIONAR?

PODEMOS UTILIZAR OUTRAS LETRAS DE PERIÓDICOS E REVISTAS PARA INCLUIRAS PALABRAS QUE FALTAN.

3

# MIGRAR

## ACTIVIDADE 1: CREACIÓN DUN CREBACABEZAS-POEMARIO

PARA O NOSO RECITAL  
EXPOMOS OS TRABALLOS  
CANDA O TEXTO  
ORIXINAL.

PASO3:

### ORGANIZAMOS O NOSO RECITAL DE POESÍA.

10 min  
↓



POR GRUPOS, LEMOS OS NOSOS POEMAS E DÁMOS-  
LLE SENTIDO. QUE QUERIAMOS TRANSMITIR?  
FOMOS QUEN DE ROMPER CON ALGÚNS ESTEREOTI-  
POS ASOCIADOS Á MIGRACIÓN? QUE RELEVANCIA  
SOCIAL PENSAMOS QUE TEÑEN OS RUMORES DIFUN-  
DIDOS NAS «FAKE NEWS»?

(PODEMOS AFONDAR  
CREANDO «MEMES» ANTIRRACISTAS)

### REFERENTES:

PODEMOS CONSULTAR A OBRAS DXS SEGUINTES  
ARTISTAS ANTES OU DESPOIS DESTE OBRA-  
DOIRO PARA ENRIQUECER O DEBATE:

PARA SABER + , CONSULTA A GUÍA:

M<sup>a</sup> TERESA HINCAPIÉ      WARSAN SHIRE  
ROMUALD HAZOUMÉ      YEISON GARCÍA  
BARTHÉLÉMY TOGUO      LÓPEZ  
ESTEFANÍA SANTIAGO  
MONA HATOUM  
FRANCISCA BENÍTEZ

DEBUXO E  
CONTIDO:

ANA  
CEB  
RIAN

PARA:



4

# WEBGRAFÍA PARA A FICHA DIDÁCTICA:

**Yeison García López:**

[@yeison.f.garcia.lopez](https://www.instagram.com/yeison.f.garcia.lopez)

<https://elpais.com/babelia/2021-06-25/una-nueva-voz-preciosa-valiente-bella-y-politica.html?ssm=whatsapp>

**Estefanía Santiago:**

<http://estefaniasantiago.com/tomar-la-forma-de-un-pajaro-es-una-forma-de-querencia>

**Warsan Shire:**

<https://afrofeminas.com/2016/04/01/poemas-de-warsan-shire/>

**Romuald Hazoumé:**

<https://universes.art/es/magazine/articles/2010/romuald-hazoume/img>

**Barthélémy Togo:**

<https://www.unesco.org/biennaleluanda/2021/en/barthelemy-togo-unesco-artist-peace>

**Mona Hatoum:**

[https://caixaforum.org/es/digital/p/mobile-home-de-mona-hatoum-por-diana-guijarro\\_a12389175](https://caixaforum.org/es/digital/p/mobile-home-de-mona-hatoum-por-diana-guijarro_a12389175)

**Francisca Benítez:**

<https://franciscabenitez.org/>



# SER E SUMAR

## ACTIVIDADE 2: CREACIÓN DUN MAPA DE IDENTIDADES

DESDE QUE NACEMOS ATÉ QUE MORREMOS TODXS EMPRENDEMOS UNHA VIAXE A TRAVÉS DA VIDA. UNHAS VECES É FELIZ E OUTRAS, TRISTE, UNHAS VECES VIAXAMOS SOXS E OUTRAS EN COMPAÑÍA. NO CAMIÑO CARGAMOS PERTENZAS QUE VAN CONSTRUÍNDO A NOSA IDENTIDADE: O SORRISO DO AVÓ, A RECEITA FAMILIAR, A MÚSICA QUE ESCOITACHES, UNHA PROFESIÓN... TODAS ESTAS COUSAS, SITUACIÓNS, SENTIMENTOS E TRAZOS SON A TÚA IDENTIDADE.

### PROCESO MIGRATORIO

- # IDENTIDADE
- # RACIALIZACIÓN
- # HISTORIA DE VIDA
- # PRIVILEXIO / OPRESIÓN
- # INTERSECCIONALIDADE



#### OBJECTIVOS:

- CREAR O MAPA DA NOSA IDENTIDADE POR CAPAS.
- TOMAR CONCIENCIA DAS CIRCUNSTANCIAS DE PRIVILEXIO / OPRESIÓN.
- APODERARNOS NO RELATO DAS NOSAS HISTORIAS VITAIS.

## ACCIÓNS:

TOTAL: 45 MIN

**PASO 1:** PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE E CONFECCIÓN DO MAPA DE IDENTIDADES:

📅 CONVÍDOCHE A REFLEXIONAR SOBRE A SUMA DO QUE ÉS CREANDO O TEU MAPA DE IDENTIDADE POR CAPAS A PARTIR DE 4 CATEGORÍAS. →

15 MIN ↑

①

# SER E SUMAR

## ACTIVIDADE 2: CREACIÓN DUN MAPA DE IDENTIDADES

ESTA É SÓ UNHA PROPOSTA, PODES ENGADIR OU QUITAR IDENTIDADES PARA NARRAR A TÚA HISTORIA.

**EU PRESTADO OU IMPOSTO, PARTES DA MIÑA IDENTIDADE «HERDADAS» POR GUSTO OU OBRIGA.**

**EU PRIVILEXIO / OPRESIÓN, A MIÑA IDENTIDADE + OU - ACEPTADA SOCIALMENTE.**


ASOCIA UNHA COR A CADA CATEGORÍA PARA SITUALAS NO MAPA.

### CAPAS DE IDENTIDADE

**EU COMUNIDADE, A MIÑA IDENTIDADE FAMILIAR, AS MIÑAS AMIZADES, O MEU COLECTIVO, A MIÑA AULA... A MIÑA TRIBO URBANA.**

**EU ÍNTIMO, OS MEUS GUSTOS E TRAZOS MÁIS PERSOAIS, QUE EU MESMX DESCUBRÍN.**

PARA CREAR O TEU MAPA PODES USAR DIFERENTES IMAXES QUE HAN SERVIR AO RELATO DA TÚA HISTORIA. DEBUXA A SILUETA QUE MÁIS CHE GUSTE NUNHA CARTOLINA A3.



SITUAREMOS AS NOSAS CAPAS DE IDENTIDADE NUNHA OU NOUTRA PARTE DEPENDENDO DO SEU SIMBOLISMO. POR EXEMPLO, SE CADRA QUERO SITUAR O «EU ÍNTIMO» NO CORAZÓN E O «EU PRESTADO» NA MAN.

2

# SER E SUMAR


OS OBXECTOS CONTAN  
A NOSA HISTORIA

## ACTIVIDADE 2: CREACIÓN DUN MAPA DE IDENTIDADES

20 MIN ↓

**PASO2:** RECOMPILACIÓN DE PALABRAS, RELATOS, OBXECTOS E IMAXES PARA A CONFECCIÓN DO MAPA:

- PREVIAMENTE TROUXEMOS DA CASA ALGÚNS OBXECTOS, CARTAS, RECORDOS PERSOAIS... TAMÉN PODEMOS IMPRIMIR FOTOS OU FACER DEBUXOS. ASOCIAMOS OBXECTOS E IDENTIDADES.



RECOMÉNDASE PREPARAR  
OS MATERIAIS PREVIAMENTE.

IMOS COLOCAR TODAS ESTAS COUSAS NO MAPA TENDO EN CONTA AS CATEGORÍAS. PODEMOS PEGAR OS OBXECTOS OU FACER UNHA FOTO DO RESULTADO.

**PASO3:** CONSTRUCCIÓN DA HISTORIA DO NOSO PERCORRIDO VITAL A TRAVÉS DO MAPA. COM-  
PARTIMOS O NOSO RELATO:

3

# SER E SUMAR

## ACTIVIDADE 2: CREACIÓN DUN MAPA DE IDENTIDADES

PODES CONTAR A TÚA HISTORIA EN 3ª PERSOA.



10 min



- IMOS COMPARTIR CO RESTO O RESULTADO FINAL. PODEMOS CONSTRUIR UN RELATO EMPODERADOR DE CADA UNHA DAS NOSAS CAPAS. RECOMENDÁMOSCHE CONSULTAR O GLOSARIO DA GUÍA E REFLEXIONAR SOBRE A SUPERPOSICIÓN DE CAPAS DESDE UNHA PERSPECTIVA INTERSECCIONAL. QUE PARTES DA TÚA IDENTIDADE PRESTAS TI AOS DEMAIS? QUE SENTIDO TEN PARA TI A IDEA DE COMUNIDADE? CON CAL DAS TÚAS IDENTIDADES SÉNTESTE + PRIVILEXIADX? E OPRIMIDX?

### REFERENTES:

PODEMOS CONSULTAR A OBRAS DXS SEGUINTEs ARTISTAS ANTES OU DESPOIS DESTE OBRA-DOIRO PARA ENRIQUECER O DEBATE:

PARA SABER + , CONSULTA A GUÍA:

MARE TRALLA HASSAN  
SILVIA ALBERT HAJJAJ  
W.E.B. DU BOIS NIKOLAJ LYON  
BATOUL SHIMI  
RUBÉN H. BERMÚDEZ  
MONA CHALABI

DEBUXO E CONTIDO:

ANA  
E.E.B  
RIAN

PARA:



4

# WEBGRAFÍA PARA A FICHA DIDÁCTICA:

**Silvia Albert:**

<https://www.cccb.org/es/participantes/ficha/silvia-albert-sopale/228766>

**Rubén H. Bermúdez:**

<https://www.rubenhbermudez.com/>

**Mare Tralla:**

<https://www.tralla.net/>

**Hassan Hajjaj:**

@hassanhajjaj\_larache

**Batoul Shimi:**

<https://www.meer.com/en/9776-batoul-shimi-world-under-pressure>

**Nikolaj Cyon:**

<https://www.cyon.se/#/alkebulan-1260-ah/>

**Mona Chalabi:**

<https://monachalabi.com/>

**Du Bois:**

<https://flourish.studio/blog/masters-web-dubois/>


## Identidades múltiples nas aulas

Malia vivir nunha sociedade cada vez máis diversa con identidades múltiples, o racismo e outras formas de discriminación impiden que suxeitos de orixes diversas achen as potencialidades enriquecedoras ás sociedades de destino. As principais vítimas das devanditas discriminacións e exclusións do espazo público e nas aulas son as persoas migrantes ou pertencentes a grupos minoritarios non-hexemónicos que non encaixan nunha visión eurocéntrica.

Categorías sociais como o xénero, a orixe étnica, a relixión, as diversidades sexuais e funcionais, entre outras, adoitan ser motivos de discriminación nas aulas.

Por esta razón, Médicos del Mundo traballa desde hai anos para combater calquera forma de exclusión. Débense ter en conta estas dimensións e identidades para construír unha sociedade e unha aula libre de discriminación nas súas diferentes expresións: xénero, raza, clase social etc.

Nas seguintes páxinas presentámosvos as actividades **PERTENCER e CONECTAR** para traballar as identidades múltiples nas aulas.



# PERTENCER

## ACTIVIDADE 3: CREACIÓN DE PHOTO-CALL «HASHTAG (#), EU MESMX».

QUE SIGNIFICA «SER DE AQUÍ»? PERTENCER A UN LUGAR? PERTENCERSE A SI MESMX? AO LONGO DA NOSA VIDA IMOS ACUMULANDO ETIQUETAS OU HASHTAG. UNHAS VECES ELIXÍMOLAS E OUTRAS PÓÑENOLAS. O CERTO É QUE CADA QUEN DE NÓS ESTÁ FORMADIX POR MÚLTIPLES PERTENZAS QUE INTERACTÚAN ENTRE SI DE XEITO INTERSECCIONAL, É DICIR, A SOCIEDADE NON É QUEN DE RELACIONARSE CON ELAS POR SEPARADO.

→ SE PUIDESES INVENTAR UN MUNDO NOVO, DE QUE LUGAR SERÍAS? COMO SERÍA ESE MUNDO? QUE ETIQUETAS GUSTARÍACHE HABITAR NESE TERRITORIO? E NO NOSO PROPIO MUNDO? QUE ETIQUETAS CONSIDERAS MÁIS EXITOSAS?

IDENTIDADES MÚLTIPLES

# INTERSECCIONALIDADE  
# SEXISMO  
# RACISMO  
# DIÁSPORA  
# RACIALIZACIÓN



### OBXECTIVOS:

- COMPRENDER QUE AS ETIQUETAS COAS QUE NOS IDENTIFICA A SOCIEDADE ADOITAN RESPONDER A ESTEREOTIPOS.
- ENTENDER QUE AS IDENTIDADES SON COMPLEXAS, FUNCIONAN DE XEITO INTERSECCIONAL E O MESMO SUCEDE COAS DISCRIMINACIÓN.
- IMAXINAR SOCIEDADES MÁIS EMPÁTICAS.

## ACCIÓNS:

## TOTAL: 45 MIN

**PASO 1:** PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE, RECOÑECENDO REFERENTES RACIALIZADOS.

📄 PRESENTAMOS AS FOTOGRAFÍAS DE DIFERENTES REFERENTES PERTENCENTES A DISTINTAS COMUNIDADES, XUNTO CON DISTINTAS TARXETAS CON CATEGORÍAS REAIS E FALSAS. 15 MIN ↗



1

# PERTENCER

ACTIVIDADE 3: CREACIÓN DE PHOTO-CALL  
«HASHTAG (#), EU MESMX».

# ADOPTADA X

# DE AQUÍ

# RESILIENTE

XIROU XIAO

SAFIA AL AADDA M

VERÓNICA GARCÍA

# VÍTIMA X

# FILLA DE BAZAR X

# ARTISTA

# MEDIADORA

# TERAPÉUTA

# ACTIVISTA

# ESCRITORA

# GLOBAL

# FAMILIA EMIGRANTE

# MIGRANTE X

# ACTOR

# SOÑADOR

# MANTEIRO

THIMBO SAMB

(PRESENTAMOS AS PALABRAS NA MESMA COR E DIFERENTES XÉNEROS)

2

TRATAMOS DE ASOCIAR ETIQUETAS E REFERENTES (SON OS PROPIOS REFERENTES QUEN AS ESCOLLERON). + ADIANTE DESVELAREMOS CALES SON AS CORRECTAS.



# PERTENCER

ACTIVIDADE 3: CREACIÓN DE PHOTO-CALL  
«HASHTAG (#), EU MESMX».

PRECISAREMOS PAPEL  
CONTINUO BRANCO  
E CARTOLINA  
BRANCA.

20  
min

**PASO 2:** ELECCIÓN DUN MUNDO IMAXINADO  
E AS SÚAS CATEGORÍAS ASOCIADAS:



DESPOIS DE REFLEXIONAR SOBRE OS  
ESTEREOTIPOS E CATEGORÍAS NA DINÁ-  
MICA ANTERIOR, IMOS ELIXIR UNHA  
SERIE DE (#) QUE NOS REPRESENTEN.



CON ESTAS ETIQUETAS CONVERTERÉ-  
MONOS NUNHA PERSONAXE QUE HABITA-  
RÁ UN MUNDO NOVO.

# EMPÁTICA	# SOÑADORA
# CREATIVA	# LIBRE

EXEM-  
PLO

IMAXINAMOS O  
ESCENARIO E  
OS ATRIBUTOS  
DA PERSONAXE  
QUE SEREMOS  
PARA HABITAR  
ESE MUNDO  
IMAXINADO.



OS ELEMENTOS TEÑEN QUE  
SER DE TAMAÑO NATURAL  
PARA PEGALOS SOBRE O  
CORPO NO PHOTO-CALL.

IMOS CONFEC-  
CIONAR OS  
ATRIBUTOS EN  
CARTOLINA  
BRANCA CUN  
ROTULADOR  
NEGRO.

3

# PERTENCER

ACTIVIDADE 3: CREACIÓN DE PHOTO-CALL  
«HASHTAG (#), EU MESMX».

MONTAMOS UN PEQUEÑO ESTUDO FOTOGRÁFICO CON PAPEL CONTINUO COMO FONDO

**PASO 3:** PREPARAMOS O PHOTO-CALL.

10 min

IMOS FOTOGRAFARNOS COS ATRIBUTOS E OS #, A POSE E O FONDO QUE ELIXIMOS. QUE DE TODO ISTO NOS PERTENCE? QUE NOS RESULTA ESENCIAL?



## REFERENTES:

PODEMOS CONSULTAR A OBRAS DXS SEGUINTEs ARTISTAS ANTES OU DESPOIS DESTE OBRA-DOIRO PARA ENRIQUECER O DEBATE:

MEGANE MERCURY  
ADELITA HUSNI-BEY  
AYQA KHAM CARLA  
TONY GUM HAYES  
COCO FUSCO y GUILLERMO LILIANA  
GÓMEZ PEÑA ANGULO  
SARAH MAPLE CORTES  
PETER de VITO

DEBUXO E  
CONTIDO:

ANA  
E.E.B  
RIAN

PARA:



4

## WEBGRAFÍA PARA A FICHA DIDÁCTICA:

**Xirou Xiao:** [www.xirouxiao.com](http://www.xirouxiao.com)

**Safia El Aaddam:** <https://hijadeinmigrantes.com/about/>

**Thimbo Samb:** <https://elpais.com/planeta-futuro/africa-no-es-un-pais/2022-02-04/thimbo-samb-mi-historia-y-tu-historia-no-son-tan-diferentes.html>

**Megane Mercury:** @meganemercury

**Carla Hayes:** <https://carlahayes.com/>

**Adelita Husni-Bey:** <https://www.vdrome.org/adelita-husni-bey-post-cards-from-the-desert-island/>

**Ayqa Khan:** <https://aygakhan.com/>

**Tony Gum:** @tony\_gum

**Coco Fusco:** <https://www.cocofusco.com/>

**Guillermo Gómez Peña:** <https://www.guillermogomezpena.com/>

**Sarah Maple:** <https://www.sarahmaple.com/>

**Liliana Angulo Cortés:** <https://blogs.otis.edu/talking-to-action/artistas/liliana-angulo/>

**Peter de Vito:** <https://www.peterdevito.com/>

# CONECTAR

## ACTIVIDADE 4: CREACIÓN DUN CARTEL MASH-UP

CANDO ABRIMOS UN LIBRO DE HISTORIA, PODEMOS OBSERVAR QUE CASE TODO O QUE SE CONTA PARECE SUCCEDER EN-POR-PARA EUROPA. MAIS... QUE SUCEDÍA DAQUELA NOUTRAS PARTES DO MUNDO? SE OBSERVAMOS CON MÁIS ATENCIÓN DECATARÉMONOS DE QUE O QUE HOXE CHAMAMOS CULTURA NON É MÁIS CA O RESULTADO DO ENCONTRO, O INTERCAMBIO, A FUSIÓN, A ASIMILACIÓN E ÁS VECES TAMÉN, POR DESGRAZA, O ROUBO OU APROPIACIÓN. A MAIOR PARTE DAQUILO QUE CONSIDERAMOS «TÍPICO» EN REALIDADE CONSISTE NUN MIX OU MASH-UP DE PERTENZAS CULTURAIAS.

### IDENTIDADES MÚLTIPLES

# DECOLONIALIDADE  
# EUROCENTRISMO  
# SUR GLOBAL  
# TRANSCULTURAL  
# INTERCULTURAL  
# MULTICULTURAL  
# APROPIACIÓN CULTURAL




#### OBXECTIVOS:

- COMPRENDER QUE AS NOSAS SOCIEDADES SON A SUMA DE TODAS AS ACHEGAS CULTURAIAS.
- APRENDER REFERENCIAS TRANSCULTURAIAS E DECOLONIAIS.
- CUESTIONAR A IDEA DA «HISTORIA ÚNICA» E DESENVOLVER A CREATIVIDADE DESDE UNHA PERSPECTIVA CRÍTICA.

### ACCÍONS:

TOTAL: 45 MIN

**PASO 1:** PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE, PROPOSTA DE EXEMPLOS E ACLARACIÓN DE TERMOS.

 INTRODUCIMOS OS TERMOS DO GLOSARIO A PARTIR DALGÚNS EXEMPLOS DE INTERCAMBIO, ASIMILACIÓN OU APROPIACIÓN CULTURAL. DESEGUIDO PROPOMOS ALGÚNS EXEMPLOS.



15 MIN ↑




# CONECTAR

## ACTIVIDADE 4: CREACIÓN DUN CARTEL MASH-UP

INVESTIGA UN POUCO MÁIS:  
DE ORIXE INDIA, PERFECCIONADO  
EN INDONESIA, EXPORTADO  
POR HOLANDESES E GHANESSES  
A ÁFRICA OCCIDENTAL.

(POSTERIORMENTE FOI ASIMILADO E DESENVOLVIDO  
POLA COMUNIDADE XITANA)



### CAIXÓN FLAMENCO

FOI INVENTADO POLOS  
AFRICANOS QUE, ESCRA-  
VIZADOS POLOS ESPA-  
ÑÓIS, TOCABAN PERCU-  
SIÓN COAS CAIXAS DOS  
BARCOS QUE OS LEVA-  
BAN A PERÚ.




### SALMOREJO CORDOVÈS

ESTE PRATO,  
AO QUE AGORA  
ENGADIMOS XAMÓN E  
OVO, TEN UNHA  
ORIXE MOURISCA E  
É POSIBLE GRAZAS  
AOS TOMATES.

(NON TODOS OS  
INTERCAMBIOS TEÑEN  
UNHA «ORIXE BONDADOSA»).

(A MAZAMORRA)



### TEAS BATIK TEAS WAX


(PRODUTO DE  
ORIXE AMERICANA)

(COMO A  
PATACA E O  
AGUACATE)



### BORDADOS DOS POBOS ORIXINARIOS DE MÉXICO COMO CASO DE APROPIACIÓN CULTURAL.

(DIFERENTES  
DESEÑOS  
UTILIZADOS  
POR  
MARCAS  
COMERCIAIS  
QUE FAN USO  
DESTE CAPITAL  
CULTURAL E  
CREATIVO SEN  
RECOÑECER A  
SÚA AUTORÍA)



### A RUTA DA SEDA

PODEMOS FALAR DAS NACIÓNS XURDIDAS DA CONVI-  
VENCIA NUN TERRITORIO DE DIFERENTES POBOS  
COMO É O CASO DE ESPAÑA (ROMANOS, ÁRABES, CAR-  
TAXINESES...). QUE OUTROS CASOS DE INTERCAMBIO  
CULTURAL COÑECES?



2

# CONECTAR


## ACTIVIDADE 4: CREACIÓN DUN CARTEL MASH-UP

AQUÍ PODEMOS ABORDAR ESTE EJERCICIO COMO UNHA CAMPAÑA EN FAVOR DA RIQUEZA CULTURAL DO CENTRO.

20 MIN

**PASO2:** CREACIÓN DO CARTEL DE «AQUÍ» E DE «ALÍ»: VISIBILIZANDO A TRANSCULTURALIDADE.

- IMOS FACER UN CARTEL MASH-UP PARA REI-VINDICAR AS NOSAS PROCEDENCIAS DIVERSAS, O INTERCAMBIO CULTURAL OU AS NOSAS IDENTIDADES MÚLTIPLES, CONECTANDO DÚAS IDEAS DE DISTINTA PROCEDENCIA.



↑ CREAMOS UN LEMA PARA O CARTEL E UTILIZAMOS O DEBUXO E O MOSAICO PARA CONFECCIONALO.



UN ALEBRIJE MEXICANO DECORADO AO ESTILO DA CERÁMICA DE TALAVERA (TOLEDO). + ADIANTE

↓ PODEMOS ENGADIR UN CÓDIGO QR QUE NOS LEVE A MÁIS INFORMACIÓN SOBRE A PROCEDENCIA CULTURAL DAS ACHEGAS.

**PASO3:**

DESPOIS AMOSAMOS O RESULTADO FINAL A TODO O GRUPO.

RECOMÉNDASE TRABALLAR POR PARELLAS OU GRUPOS.

3

# CONECTAR

## ACTIVIDADE 4: CREACIÓN DUN CARTEL MASH-UP

PODEMOS VISIBILIZAR ESTA QUENDA DE PALABRA POR ASOCIACIÓN CUN NOBELO VERMELLO QUE PODEMOS IRNOS PASANDO TE-CENDO UNHA REDE.



10 min



- IMOS COMPARTIR COAS OUTRAS PERSOAS O RESULTADO FINAL. MALIA TERMOS POUCO TEMPO, E SUXERIMOS TER PREPARADAS CON ANTELACIÓN CARTOLINAS DE CORES, REVIS-TAS E FOTOCOPIAS PARA O MOSAICO, DEBEMOS FACER UNHA PEQUENA BUSCA SOBRE A ORIXE DOS OBXECTOS QUE DECIDÍSEMOS COMBINAR. Á HORA DE PRESENTAR AS DIFERENTES PROPOSTAS PODEMOS TOMAR A QUENDA POR ASOCIACIÓN. (POR EXEMPLO, CANDO SE REPITA UN ELEMENTO, A PATACA, OU REFERENTES: UNHA ORIXE, COLOMBIA.)

### REFERENTES:

PODEMOS CONSULTAR A OBRAS DXS SEGUINTES ARTISTAS ANTES OU DESPOIS DESTE OBRA-DOIRO PARA ENRIQUECER O DEBATE:

PARA SABER + , CONSULTA A GUÍA:

XIROU XIAO YINKA SHONIBARE  
SANDRA GAMARRA EMILY JACIR  
INGRID Nwangi  
LYGIA PAPE AGNES.  
TABITA REZAIRE ESSONTI

DEBUXO E CONTIDO:



PARA:



4

# WEBGRAFÍA PARA A FICHA DIDÁCTICA:

**Xirou Xiao:**

<http://liwai.org/cangrejo-pro>

**Agnes Essonti:**

<https://essonti.com/About>

**Yinka Shonibare:**

<https://yinkashonibare.com/>

**Sandra Gamarra:**

<https://www.youtube.com/watch?v=lpi0d5b7jq0>

**Emily Jacir:**

<https://www.sfmoma.org/artwork/2008.20.2.A-B/essay/desire-diaspora-emily-jacir/>

**Ingrid Nwangi:**

<https://mwangihutter.art/>


**Lygia Pape:**

[https://www.youtube.com/watch?v=L9XsL\\_GvSa8](https://www.youtube.com/watch?v=L9XsL_GvSa8)

**Tabita Rezaire:**

<https://tabitarezaire.com/>





## Conclusión: Por unhas aulas diversas e libres de discriminacións

O espazo público é un escenario de intercambios e tensións de diferentes grupos e identidades que interactúan entre si. As aulas deben abordar as diversidades desde un enfoque interseccional que analiza as dinámicas de relación de poder entre as diferentes identidades coexistentes nun determinado espazo.

Como dicía Nelson Mandela, «**a educación é a arma máis poderosa para mudar o mundo**», así que as aulas deben ser espazos seguros que respecten a diver-

sidade e reflictan a riqueza dos diferentes suxeitos que as compoñen.

As aulas han responder á realidade diversa da sociedade nos diferentes territorios do estado español. Os espazos educativos formais, non-formais ou informais deben fomentar espazos de diálogos interculturais, de convivencia pacífica, de respecto, de recoñecemento da diversidade e de enriquecemento mutuo do proceso migratorio.



GLO

SSA

RIO



## Abya Yala

---

É o nome máis antigo até o de agora coñecido para un territorio americano. Significa terra en plena madurez ou terra de sangue vital e foi dado polo pobo guna ou cuna en Panamá e en Colombia á poboación Guna Yala do actual Panamá.

## Antirracismo

---

Fomentar accións contra o racismo nas súas diferentes formas (estrutural, institucional, sistémico, cotián etc.). Ser antirracista é un proceso que supón o recoñecemento e a revisión dos privilexios persoais e sociais, así como o fomento de accións que participen na loita e de esforzos e accións que combatan as inequidades sociais.

## Apropiación cultural

---

Utilización de elementos culturais típicos dun colectivo étnico ou comunitario por parte de persoas alleas a esa cultura, despoxándoa de todo o seu significado, banalizando o seu uso e sen facer referencia á procedencia.

## Decolonialidade

---

É unha corrente de pensamento, emerxente en Abya Yala, que describe a lóxica, a metafísica, a ontoloxía e a matriz do poder colonial occidental. Propón enfoques, métodos e estratexias para desbaratar a lóxica colonial, moi ligada ao capitalismo global.

## Diversidade

---

Estratexia de inclusión e recoñecemento de persoas de diferentes orixes sociais e étnicas e de diferentes xéneros e orientacións sexuais.

## Etnocentrismo

---

Crenza de superioridade dunha determinada cultura sobre outras.

## Eurocentrismo

---

Unha visión do mundo desde a perspectiva occidental, tomando Europa como centro, como protagonista da historia, desde onde se analiza o mundo sen ter en conta as demais perspectivas.

## Feminismos

---

O feminismo é un movemento político e social, unha teoría política e unha perspectiva filosófica que avoga pola equidade de xénero. Existen varias correntes de feminismos.

## Xénero

---

Conxunto de atributos sociais, xurídicos, históricos, políticos e culturais asignados ás persoas. É unha construción social que establece pautas de relación e exercicio de poder diferenciado.

## Interculturalidade

---

Refírese á presenza e interacción equitativa de diversas culturas e á posibilidade de xerar expresións culturais compartidas, a través do diálogo e do respecto mutuo.

## Interseccionalidade

---

É un enfoque que aborda a interrelación entre o sexo, o xénero, a etnia, a clase ou a orientación sexual, como categorías que permiten ver os múltiples niveis de discriminación froito da construción social.

## **Machismo**

---

É un sistema de opresión que promove e enaltece a superioridade do home sobre a muller e outras identidades de xénero.

## **Multiculturalidade**

---

Coexistencia e intercambio de distintas culturas nun espazo xeográfico, físico ou social.

## **Privilexio**

---

É unha prerrogativa que beneficia algunhas persoas ou colectivos pola posición social, a orixe étnica ou a identidade de xénero. O privilexio branco é aquel que beneficia persoas brancas en países occidentais fronte a outras persoas de diferentes identidades.

## **Racismo**

---

É un sistema de opresión (estrutura de poder + prexuízo) histórico e ideolóxico que se basea na discriminación, persecución e subordinación duns corpos sobre outros, resultado da xerarquización racial que privilexia maiormente as persoas brancas.

## **Racialización**

---

Proceso polo que o poder colonial e neocolonial xerarquiza mediante a raza as poboacións do Sur global.

## **Sexismo**

---

Feitos de discriminación e múltiples expresións de violencia baseados no xénero.

## **Sur global**

---

Refírese a todos aqueles países/territorios que teñen unha historia interconectada de colonialismo, neocolonialismo e unha estrutura social e económica con grandes inequidades sociais e estruturais.

## **Transculturalidade**

---

Proceso polo que unha sociedade aprópiase das culturas e os costumes doutra sociedade, substituindo, complementando e transformando o proceso. Pode rematar nunha aculturación.

## Bibliografía

-Matías, A. y Rodríguez, M. (2021). La prevención de violencias machistas desde el enfoque interseccional. AMPLIAR LA MIRADA. AIETI, financiado por AECID

-CONSEJO PARA LA ELIMINACIÓN DE LA DISCRIMINACIÓN RACIAL O ÉTNICA. (2020) Percepción de la discriminación por origen racial o étnico por parte de sus potenciales víctimas. Ministerio de Igualdad. Disponible en: <https://igualdadynodiscriminacion.igualdad.gob.es/destacados/estudiopercepcion.htm>

- Guzmán Ordaz, R., & Jiménez Rodrigo, M. (2015). La Interseccionalidad como Instrumento Analítico de Interpelación en la Violencia de Género (Intersectionality, a Methodological Tool for Analysing and Addressing Gender-based Violence). Oñati Socio-Legal Series, 5(2).

-ONU Mujeres. (2021). Enfoque en la prevención: Poner fin a la violencia contra las mujeres. Disponible en: <https://www.unwomen.org/es/what-we-do/ending-violence-against-women/prevention#:~:text=La%20prevenci%C3%B3n%20es%20la%20%C3%BAnica,enfrentan%20las%20mujeres%20a%20diario>

- Orozco, A. P. (2014). Subversión feminista de la economía: aportes para un debate sobre el conflicto capital-vida. Traficantes de sueños

Collins, P. H. (2002). Black feminist thought: Knowledge, consciousness, and the politics of empowerment. routledge.

-Política de Médicos del Mundo España sobre migraciones. Grupo estatal de migraciones, 2020.

-Posicionamiento de Médicos del Mundo ante la Inmigración.

-Política de Médicos del Mundo sobre derecho universal a la salud.

-(H)ABIAN 2030 (2021). la Estrategia vasca de Educación para la Transformación Social (EpTS). Consulta en: [https://www.elankidetza.euskadi.eus/contenidos/informacion/inf\\_habian/es\\_def/adjuntos/H-ABIAN\\_2030.pdf](https://www.elankidetza.euskadi.eus/contenidos/informacion/inf_habian/es_def/adjuntos/H-ABIAN_2030.pdf)

